

MATEMÁTICAS II

Criterios xerais de avaliación – curso 2025-26

A proba avaliará os seguintes sentidos: numérico, da medida, espacial, alxébrico, estocástico e socioafectivo. Considerouse útil, para deseñala e describila, falar das áreas de coñecemento de

1. Álgebra, que se corresponde fundamentalmente co **sentido alxébrico**,
2. Análise, que se corresponde fundamentalmente co **sentido da medida**,
3. Estatística e Probabilidade, que se corresponde fundamentalmente co **sentido estocástico**, e
4. Xeometría, que se corresponde fundamentalmente co **sentido espacial**.

Os sentidos numérico e socioafectivo son transversais e a súa avaliación vai implícita na dos demais sentidos.

Débense ter en conta os seguintes sete puntos:

1. A proba de Matemáticas II constará de catro preguntas, cun total de oito exercicios.
 - A pregunta 1 (da área de coñecemento de Estatística e Probabilidade) conterà un único exercicio e terá un carácter competencial-contextualizado, como no curso pasado. Este exercicio é de resposta obrigada.
 - A preguntas 2 (da área de coñecemento de Álgebra) e 4 (da área de coñecemento de Xeometría) conterán, cada unha delas, dous exercicios ou apartados. A/o estudante deberá escoller un, e só un, deles. No caso de que responda aos dous, só se avaliará o primeiro que realice.
 - A pregunta 3 (da área de coñecemento de Análise) conterà tres exercicios ou apartados. A/o estudante deberá escoller dous, e só dous, deles. No caso de que responda aos tres, só se avaliarán os dous primeiros que realice.
2. Polo tanto, para acadar a máxima puntuación a/o estudante deberá facer correctamente cinco exercicios, que son: o da pregunta 1, o que escolla na pregunta 2, os dous que escolla na pregunta 3 e o que escolla na pregunta 4. Os cinco exercicios terán o mesmo valor, é dicir, cada un terá un valor máximo de 2 puntos.
3. Algunhas das cuestións terán carácter competencial-conceptual, co que se quere dicir que serán menos mecánicas e máis orientadas á comprensión dos conceptos.
4. As respostas deberán estar debidamente xustificadas. Se só se achega a solución, sen ningún tipo de explicación, a puntuación nese apartado será de cero puntos.

5. Permitirase o uso de calculadoras científicas non programables e que non teñan capacidade gráfica.
6. En cada un dos cinco exercicios que faga a/o estudante, poderán descontarse ata 0.2 puntos pola falta de rigor matemático na resposta.
7. Na avaliación dos exercicios, valoraranse, ademais:
 - a. A utilización da linguaxe, notación e símbolos matemáticos adecuados.
 - b. A utilización de argumentos, xustificacións e razoamentos coherentes.
 - c. De ser o caso, a interpretación correcta da solución.

A diferenza de anos anteriores, este curso non se vai facilitar a táboa da distribución normal $N(0,1)$. De ser preciso, no mesmo texto do exame incluíranse valores entre os que se atopará o que sexa axeitado para resolver o correspondente exercicio.